

CONCLUSIÓNS DAS I^{as} XORNADAS A ESCOLA, ¿PUNTO DE ENCONTRO ENTRE O PROFESORADO E EDUCADORES/AS SOCIAIS?

Xosé Manuel Malhiero Gutiérrez
Xesús Rodríguez Rodríguez
M^a Montserrat Castro Rodríguez

Coordinadores das Xornadas

En primeiro lugar en nome da organización destas I^{as} Xornadas A escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e o/a educador/a social? Queremos expresaros o noso agradecemento pola vosa participación e implicación.

Estas xornadas, como se dixo nalgunhas intervencións de ponentes era unha aposta arriscada, mesmo provocativa, provocativa quizás pola falta de cultura formativa para a integración de nunha mesma actividade de dúas figuras profesionais, que na concepción da sociedade pertencen a dous mundos diferentes. Tamén arriscado porque un dos coorganizadores é un movemento de renovación pedagóxica, NEG e quizás neste mundo no que vivimos non estamos moi afeitos a que un colectivo profesional pida ante as autoridades competentes a introducción doutros profesionais.

Na programa destas xornadas, pretendemos que participaran, polo menos dende a parte que a nós nos correspondía, a maior parte posible dos colectivos que nós consideramos que deben estar nestas xornadas e cremos que o conseguimos.

Na mesa inaugural, estiveron presentes representantes da escola e neste caso o presidente de NEG, director dun centro dun barrio moi característico de Ferrol, o presidente do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, colectivo protagonista desta iniciativa e un profesor universitario de relevancia no ámbito da Educación Social. Eles introduciron argumentos e xa amosaron que hai moito que falar de cara a planificar unha integración do profesional da ES dentro dos centros educativos.

A continuación un grupo de mestres de primaria e un profesional con longa tradición na dirección de escolas taller, trataron de reflectir a realidade de centros escolares, os seus problemas, as súas virtudes e as súas necesidades. Tratamos de dicir dende esta mesa que a presenza do ES nos centros non debe reducirse ós centros de secundaria, senón que o traballo preventivo e as necesidades emerxentes en primaria, deben ter resposta xa

nos primeiros momentos. Nos nosos centros non temos problemas de convivencia, na maioría dos casos, pero sí temos unhas necesidades determinadas que nos levan a falar de que os ámbitos da ES nos centros non debe reducirse á resolución de problemas e conflitos, senón a desenvolver unha actividade educativa global, integradora e que responda ó principio de promover a democracia e a xustiza social.

Un dos aspectos relevantes destas xornadas, posiblemente a discusión entre a necesidade ou non de definir perfís profesionais. O prof. Fernando López Noguero fixo unha presentación das principais funcións que se lle atribúen dende a literatura científica e dende a súa experiencia investigadora ós educadores sociais. Xa partimos dun amplo abano de posibilidades, pero tamén por suposto do reflexo dunha realidade profesional complexa e moi determinada polos contextos de actuación. Tanto no formulamento inicial como no debate hai persoas que somos partidarias de concretar cales deben ser as funcións do ES dentro dos centros, mentres que outros optamos pola necesidade de non poñer límites que dificulten o proceso de integración profesional. Este argumento, a integración profesional efectiva, para os primeiros pasa porque haxa un coñecemento interprofesional, de tal xeito que a cultura organizativa dos centros non sexa un óbice para a inclusión dun profesional que ha de aportar ó centro educativo unha oportunidade para facilitar a tan necesaria e demandada apertura da escola ó centro educativo.

O mesmo luns, despois dunha xornada intensa de contido, constatamos como a implicación e a participación dos asistentes ía en aumento. E chegaron os grupos de discusión que facilitaron unha maior participación dos e das asistentes. O pequeno grupo permitiu un maior aproximamento ás ideas, ós temores, etc dos asistentes.

O martes pola mañá o prof. Vara amosounos que a recuperación da súa convalecencia foi magnífica. Fíxonos un preámbulo da situación da ES dentro do marco universitario a través dun percorrido histórico, que coidamos que foi tremendamente enriquecedor e incluso esclarecedor da situación actual. Seguindo a súa tradición de que teoría e práctica teñen que formar parte dunha mesma realidade educativa, fala da necesidade de abordar os problemas dende unha perspectiva estrutural, e, a través dun percorrido pola análise de distintos acontecementos sociais dentro e fóra da escola, chega a conclusión de que existe unha necesidade eminente deste profesional na escola, afondando na necesidade de traballar dende a prevención, a educación en valores, co obxectivo de evitar problemáticas maiores posteriormente.

Despois desta refrescante conferencia, adicamos boa parte do día a coñecer moitas das experiencias que se están desenvolvendo en Galicia, que poñen de manifesto que algo se move no país. A variedade, as problemáticas emerxentes, as condicións laborais, etc. estiveron presentes pero puxeron de manifesto que existe un corpo de profesionais que está preparado para afrontar un novo reto persoal e profesional que noutras partes xa iniciaron. David Galán, educador social da xunta de Extremadura aportou importantes reflexións para o debate partindo da súa práctica profesional. Aportou interesantísimas ideas que coidamos que debemos ter moi presentes á hora de negociar coa Administración a incorporación deste profesional.

Pensamos que quedou claro ó longo destes días que a incorporación destes profesionais ós centros escolares non pode ser de calquera xeito, en calquera condición, sen reflexionar e sen contar coas opinións de tódolos implicados no proceso. Quizás esta fora unha das ideas máis importantes que xurdiron nos grupos de debate que seguiron o martes pola tarde.

Despois de tres días de traballo dende a organización, cremos que valeu a pena a aposta. Xenerouse un debate interesante. Hai acordos, que logo trataremos de expón, pero tamén hai posicionamentos diferentes. Non obstante, todos e todas estamos de acordo que existe unha demanda social do profesional da ES nos centros educativos. Todos e todas estivemos de acordo que as opinións manifestadas ó longo destes días deben ser recollidas nun documento que temos que dar a coñecer á comunidade educativa, de tal xeito que participe no proceso de xenerar ideas, debater e participar activamente no proceso de incorporación dun educador social ó contexto escolar.

Ten que ser profesional que forme parte inclusiva do centro escolar, traballando nun proxecto común con outros profesionais, en equipos interdisciplinares.

Atribuímoslle ó traballo deste profesional un carácter flexible, en espazos e tempos de realización

Ten que ser unha ponte entre a escola e o resto da comunidade

Os ámbitos de intervención serán diferentes e están fortemente condicionados polos contextos concretos onde se traballa.

Nestas debatíronse ideas contrapostas que deron lugar á controversia:

¿Definición de espacios/ámbitos de traballo previa á incorporación ós centros?

¿Un ES integrado no centro escolar ou traballando dende fóra?

¿Onde se encadra organizativamente este profesional dentro da estrutura escolar?

¿Definimos funcións específicas?

¿Cal debe ser a categoría profesional deste traballador?: Funcionario non docente, funcionario docente, persoal laboral docente, non docente...

Non todo foi positivo nestas xornadas, temos que dicir que lamentamos profundamente que non houbera maior participación de profesorado nestas xornadas, porque deste xeito cremos que se enriquecería enormemente o debate surdido.